

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004551	IES Illa de Tambo	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

Borrador

1. Introducción

A educación en valores constitúe a base fundamental para o exercicio crítico e responsable da cidadanía e para a educación integral das persoas. No primeiro caso, proporciona as ferramentas para que o alumnado adopte un compromiso activo e autónomo cos valores, principios e normas que articulan a convivencia democrática. No segundo, contribúe á formación intelectual, moral e emocional necesaria para que nenos e nenas emprendan unha reflexión persoal arredor dos grandes retos e problemas que constitúen o noso presente. En termos xerais, e de acordo cos obxectivos de etapa e o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas, actitudes e valores que lle permiten ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, reflexionar sobre cuestións éticas fundamentais para a convivencia e asumir de maneira responsable o carácter interconectado e ecodependente da nosa existencia en relación co entorno; todo isto con obxecto de apreciar e aplicar con autonomía aquelas normas e valores que deben rexer unha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodependente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen son eu? Autoconecemento e autonomía moral	1.A natureza humana, a autoestima, emocións e sentimentos. Tomar decisións pensando antes de actuar. 2. Moral e valores, individuo e sociedade	33	11			X
2	Quen é toda está xente? Sociedade, xustiza e democracia	1.Orixe da sociedade, resolución pacífica de conflitos, cidadanía responsable. A política e a democracia. Os dereitos humanos e as desigualdades económicas. 2.Dereitos sociais, dereitos da muller, inclusión e exclusión social.	33	12		X	
3	Que podemos facer? Sustentabilidade e ética ambiental	1.Habitantes do mundo nun planeta finito. A emerxencia climática. Desenvolvemento sostible. 2.Ética ambiental. Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Protección da natureza e do medio	34	12	X		

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Quen son eu? Autoconecemento e autonomía moral	11

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Elaboración por parte do alumnado dun texto de produción propia onde se expoñan as conclusións do aprendido sobre a interacción coa contorna social.	PE	25
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Identificar o desenvolvemento da personalidade como un proceso aberto no tempo, cara ao mundo e aos demais, diferenciar os elementos adquiridos de seu dos aprendidos no ambiente.	TI	75
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Recoñecemento do grupo e as aportacións positivas ou negativas de cada elemento social no que nos desenvolvemos: familia, escola, equipos deportivos...Identificar os prexuízos que temos dos demais e a xustificación dos mesmos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Valorar as consecuencias das nosas decisións como elementos que constrúen a personalidade, identificar os modos en que as redes sociais tamén nos afectan e modifican o xeito de ver o mundo. Rexeitamento de condutas nocivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A obxección de conciencia.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión. - A ética na sociedade actual. - O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
2	Quen é toda está xente? Sociedade, xustiza e democracia	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Elaboración por equipos dunha listaxe de actividades cidadás para que comprendan a importancia da concienciación e a acción colectiva nos principais problemas do noso tempo.	PE	40
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Realizar un mapa conceptual dos Dereitos Humanos de 1ª, 2ª e 3ª xeración coas ampliacións de contidos sucesivas e destacando cales son os colectivos máis vulnerables e por que o son.		
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Aclaración do significado e alcance práctico de conceptos básicos: cidadanía, xustiza, dereitos, Estado....	TI	60
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Posta en común na clase da actividade anterior, debate e matización das distintas posicións, como actividade práctica para aprender como se produce a resolución pacífica de conflitos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Elaboración dunha táboa indicativa dos logros da sociedade actual respecto do pasado, facendo un cadro comparativo con outras sociedades ou horizontes culturais comprendendo as diferencias.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Análise dos problemas e retos aos que se enfrenta a sociedade actual dendo o conseguido en Europa e en España: integración de emigrantes, recuperación psicolóxica do tráfico de seres humanos, nenos soldado....		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A sociedade humana: natureza e orixe. - As estruturas sociais e os grupos de pertenza. - Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo. - A convivencia social. - As virtudes do diálogo e as normas de argumentación. - A resolución pacífica de conflitos. - A empatía cos demais. - A política. - Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade. - Formas de Estado e tipos de goberno. - A democracia: principios, procedementos e institucións. - O Estado español como estado social e democrático de dereito. - Valores constitucionais. - A memoria democrática. - Os dereitos humanos. - Referente moral da democracia e a xustiza social. - Xeracións e historia dos dereitos humanos. - Dereitos da infancia.

Contidos

- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A igualdade de xénero.
- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
3	Que podemos facer? Sustentabilidade e ética ambiental	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Entender o proceso histórico da economía de mercado que nos conduciu ata a crise climática na que vivimos.	PE	75
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Valoración positiva e/ou negativa das distintas propostas científicas e cidadás coas que poidamos colaborar dende a acción cotiá para afrontar a emerxencia climática.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Elaboración por parte do alumnado, traballando en equipo, dun Manifesto no que como "cidadáns" se comprometen coa súa acción cotiá a mellorar o mundo no que viven.		
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Debate e posta en común dos distintos Manifestos de modo que todas as opinións sexan escoitadas e tratadas con igual respecto e consideración.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia. - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.

Contidos

- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Consumo responsable e soberanía alimentaria.
- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.
- Xustiza ecolóxica.
- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.
- Ecofeminismo e ética do coidado.
- Protección e dereitos dos animais.
- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.
- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partiremos sempre da competencia inicial do alumnado e potenciaremos metodoloxías activas e participativas. O diálogo na aula servirá tanto para espertar o interese e a motivación sobre a temática como para razoar colectivamente.

O profesor tomará como libro manual de referencia Educación en Valores cívicos e éticos da editorial Anaya, do cal se extraerán textos, actividades....para o alumnado que lle faciliten a asimilación de contidos. O alumnado non ten o manual como obrigatorio, ningún manual.

Traballarase con materiais diversos: artigos, videos, documentais....a partir dos cales se levarán a cabo actividades de comprensión e reflexión. É importante o razoamento conxunto, polo que se fomentará no alumnado a realización de traballos colaborativos e de exposición na clase de temas que teñan traballado na aula, sempre que poida ser posible, con ferramentas TIC. Entre os diferentes elementos metodolóxicos empregados, potenciaranse os seguintes:

4.1. Disposición do alumnado na aula.

Dado que as circunstancias xa permiten recorrer a unha disposición en parellas ou en grupos para equipos de traballo no caso de facer tarefas colaborativas, dado a nova situación postpandemia.

4.2. Fomento da competencia comunicativa.

A competencia lingüística fomentarse desde a nosa materia, tanto utilizando a terminoloxía filosófica de xeito rigoroso como no referente ao respecto ás normas, léxico etc.

a) O plan lector. Como todas as materias do centro, participaremos na Hora de ler, na hora semanal que se irá estipulando ao longo das semanas do curso.

b) Avaliación da competencia comunicativa.

-A competencia lingüística será avaliada nas actividades que se vaian realizando.

-Potenciarase a presentación oral pública dos traballos académicos do alumnado cando sexa posible.

-Farase fincapé nos aspectos que rexen o intercambio de información: respecto de quendas, normas de cortesía, volume adecuado...

-Para promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura de textos de diverso tipo, non só filosóficos, senón tamén periodísticos, narrativos, etc.

4.3.Fomento da biblioteca

Neste punto seguiremos as indicacións do equipo de biblioteca.

4.4 Emprego das TIC e Edixgal

Empregarase o recurso de Edixgal para colgar o material e contidos teóricos do que disporá o alumnado así como as distintas tarefas prácticas a realizar, e tamén como vehículo de comunicación co noso alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Educación en valores éticos e cívicos, editorial Anaya

Poranse a disposición do alumnado os materiais necesarios para o desenvolvemento do currículo da materia nas Aulas Virtuais. Así mesmo proporcionarase aqueles textos filosóficos ou de diferentes tipos que permitan o traballo directo.

- Non se prescribe a obriga dun libro de texto concreto. O profesor da materia proporcionará material propio (elaborado e compilado a partir de diversas fontes) que estará colgado na AV como xa se indicou, polo que non haberá un libro concreto recomendado. Tamén farase uso de power points.

- Proporcionaranse tamén os links ou páxinas web interesantes para complementar os contidos, así como recomendacións de películas, libros, discos, xogos, especialmente de todo aquel material que poida resultar de interese para a materia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial consistirá nun resumo do tema afrontado ata o momento, neste caso, o tema da Obsolescencia Programada e o seu enfoque desde o documental "Comprar Tirar Comprar" proxectado na aula. Para poder avaliar : a atención prestada na aula, o nivel de comprensión, a disciplina na entrega, a orixinalidade e calidade da redacción do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	25	40	75	47
Táboa de indicadores	75	60	25	53

Criterios de cualificación:

En cada trimestre será avaliado todo o alumnado das unidades didácticas dese trimestre, tendo en conta varios elementos: entrega de cuestionarios, traballos, comentarios de noticias aparecidas en prensa....nun portfolio que terá unha ponderación de 80% da nota trimestral, sendo o 20% restante obtido a partir do aproveitamento de traballo de aula, participación ordeada en debates, aportacións persoais ao exposto....

Criterios de recuperación:

Ao final de cada trimestre o alumnado que non teña acadado o 5, nota mínima para aprobar, fará unha proba escrita para comprobar o grao de asimilación de contidos, esa proba contará con preguntas sobre os temas e cuestións tratadas na aula.

No caso de non ter superado algún dos trimestres, ao remate da 3ª avaliación parcial terá a oportunidade de recuperar o trimestre suspenso, ou todo o curso se é o caso, por medio de probas e actividades feitas na aula, antes da avaliación final de xuño.

A 3ª avaliación parcial terá lugar na 1ª semana de xuño e a partir dela o alumnado será informado de cada parte que deba recuperar se é o caso, se lle propondrán actividades de reforzo e ampliación para recuperar o ou os trimestres suspensos, e se aínda así non acada a nota mínima para aprobar, un 5, poderá optar a unha proba final de toda a materia. No caso de non aprobar a materia cun 5, a materia estará suspensa.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No presente curso académico non existe alumnado que teña pendente a materia de Valores Cívicos e Éticos. De darse o caso, de que alumna/o non acada o 5, terá a posibilidade de realizar as actividades de reforzo necesarias para aprobar a materia.

Se algún alumno/a enferma, na materia de Valores Cívicos e Éticos de 3º ESO avaliarase mediante as tarefas e traballos prácticos de carácter escrito realizadas cos medios dixitais, sexan entregados mediante a Aula Virtual, correo electrónico, ou calquera outro medio dixital que o profesorado estime necesario.

6. Medidas de atención á diversidade

A partir dos datos facilitados polo Departamento de Orientación adoptaranse na aula todas as medidas recomendadas para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, permitíndolles máis tempo nas tarefas escritas, fraccionando o traballo..., tendo en conta os agrupamentos flexibles e traballando con especial énfase a lectoescritura comprensiva. En colaboración con Orientación, o departamento poderá deseñar algunha adaptación curricular ou outra medida específica, atendendo a algunhas dificultades ou problemáticas detectadas. Sempre que se poida, farase unha corrección individual de actividades para que o alumnado progrese segundo a súa capacidade, estas correccións serán ensinadas ao alumnado, deste modo poderá progresar partindo do seu propio nivel e mellorando consigo mesmo como referencia.

Dependendo dos casos, podería ser necesario establecer nalgún momento:

- Actividades que melloren a competencia de aprender a aprender: manexo de estratexias básicas para o estudo e o traballo individual.
- Actividades de afondamento para alumnos/as cun grao maior de interese ou sobredotación: exercicios sobre libros e lecturas non comprendidas na programación pero que o Departamento considere axeitadas.
- Programas adaptados e persoais para alumnos/as repetidores (no caso de segundo de Bacharelato, calquera medida debe ter en conta as probas de acceso á universidade, polo que as medidas de reforzo serán preferibles ás de simplificación curricular).
- Actividades para a mellora da competencia lingüística: lectura de textos axeitados aos diversos casos. Exercicios para a mellora da coherencia na expresión oral e escrita.
- Actividades para a mellora da competencia de autonomía persoal: actividades para a mellora das habilidades sociais, traballo cooperativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Concienciación por medio de prácticas da necesidade de redución e eliminación de residuos			X
ET.2 - Lectoescritura comprensiva de noticias relacionadas cos contidos	X	X	X
ET.3 - Comprensión e integración da contorna natural como parte da propia identidade persoal	X		

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - Asimilación da emerxencia climática na que vivimos			X

Observacións:

As materias do noso Departamento tamén están directamente vinculadas aos ELEMENTOS TRANSVERSAIS que están presentes no Decreto dos currículos das Materias, e contribúen a acadar o obxectivo básico de orientar ao noso alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. Os elementos transversais son: Comprensión lectora: poñerase a disposición do alumnado unha selección de textos sobre os que se traballará a comprensión mediante unha batería de preguntas específica. Expresión oral: os debates na aula, o traballo por grupos (se é posible) e a presentación oral de resultados das investigacións son, entre outros, momentos a través dos cales os alumnos/as deberán ir consolidando as súas destrezas comunicativas. Expresión escrita: a elaboración de traballos de diversa índole irá permitindo que o alumnado constrúa o seu portfolio persoal, a través do cal non só poderase valorar o grao de avance da aprendizaxe do alumnado senón a madurez, coherencia, rigor e claridade da súa exposición. Comunicación audiovisual e TIC: o uso das tecnoloxías da información e a comunicación estará presente en todo momento, xa que a nosa metodoloxía didáctica incorpora un emprego exhaustivo de tales recursos, dunha maneira moi activa. O alumnado non só terá que facer uso das TIC para traballar determinados contidos senón que deberá empregalas para comunicar aos demais as súas aprendizaxes, mediante a realización de presentacións. Educación en valores: o traballo colaborativo, un dos alicerces do noso enfoque metodolóxico, permite fomentar o respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, así como a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes. Emprendemento: a sociedade demanda persoas que saiban traballar en equipo. No centro impulsarase o uso de metodoloxías que promovan o traballo en grupo e técnicas cooperativas que fomenten a toma de decisións en común, a valoración e o respecto das opinións dos demais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas extraescolares	Estamos abertos a actividades vinculadas con programas educativos que vaian xurdindo, a medida que se reciba información dos mesmos, como por exemplo a posibilidade do visionado dunha obra teatral ou cinematográfica, que xurda na contorna.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Como mínimo unha vez ao trimestre nas prácticas previstas poderá ser observado o grado de asimilación dos valores e contidos transmitidos e cuestionario modelo indicado ao final da descrición

Descrición:

Ao longo do curso o profesorado do departamento realizará unha posta en común co alumnado a fin de avaliar o desenvolvemento de cada período de avaliación: grao de consecución dos obxectivos propostos, temporalización axeitada, adecuación dos criterios de avaliación e cualificación.

A fin de avaliar a metodoloxía e desenvolvemento dos contidos expostos nestra programación, o profesorado realizará unha reunión específica despois da realización das sesións de avaliación na que se tratarán aspectos

relacionados coa práctica docente:

Resultados obtidos nos diferentes cursos

Análise dos problemas xurdidos nas diferentes materias e grupos.

Seguimento axeitado da programación para cada trimestre.

Propostas de solución para o axuste da programación ou de novas actividades que deban ser engadidas ou corrixidas.

O análise realizado será comunicado posteriormente á Comisión de Coordinación Pedagóxica para a súa consideración.

Nas reunións de departamento ordinarias, mensuais, e tantas ocasións como sexa preciso, trataranse os seguintes aspectos:

Escala: Moi ben, ben, suficiente, mal.

1.Fanse explicacións xerais para todos os alumnos.

2.Fanse explicacións individualizadas se é necesario.

3.Elabórnase actividades variadas e estratexias metodolóxicas diferentes segundo os contidos impartidos.

4.Elaboránse probas de avaliación axeitadas aos contidos impartidos.

5.Elaboránse actividades e probas de avaliación que teñan en conta á atención á diversidade.

6.Traballase individualmente e en equipo.

7.Trabállase coa comprensión e expresión oral e escrita.

8.Favorécese o gusto pola lectura.

9.Utilízanse as TIC.

10.Danse aos alumnos con rapidez probas e traballos corrixidos.

11.Coméntase co alumnado os erros cometidos nas probas e o porqué da puntuación obtida.

12. Colabórase co titor nas tarefas de información ás familias, do correcto comportamento na clase e da obtención de bos resultados académicos.

13. Aténdense aos elementos transversais.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Unha vez rematado o curso o Departamento elaborará a memoria do curso na que realizará unha avaliación da Programación tendo en conta os seguintes criterios:

-Grao de consecución dos obxectivos propostos na materia

-Modificación da temporalización das previsións establecidas na programación.

-Selección dos instrumentos axeitados e revisión dos procedementos de cualificación.

-Avaliación do tratamento do alumnado que deba recuperar materias pendentes.

-Posibilidade de realización das actividades propostas así como avaliación das realizadas para os diferentes Plans do Centro, así como actividades extraescolares.

-Avaliación dos materiais de lectura propostos.

-Corrección das estruturas desta Programación

Analizados todos estes datos, o Departamento propondrá as medidas axeitadas para axustar tanto os obxectivos, os criterios de cualificación, a metodoloxía, as medidas de atención á diversidade, etc, que sexan pertinentes para mellorar a Programación didáctica.

9. Outros apartados